



XOVES

I+D+i

Estimados/as amigos/as:

O Diario Oficial de Galicia (DOG) de mañá, **9 de xuño**, publicará previsiblemente a convocatoria conxunta da **Axencia Galega de Innovación (GAIN)** e da **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria** de **axudas de apoio á etapa predoutoral**. A dotación total da convocatoria ascende a **7,4 millóns de euros**, cofinanciados a través do Fondo Social Europeo, coa que se financiarán un máximo de **100 contratos**.

Poderán optar a estas axudas as **universidades do Sistema Universitario de Galicia (SUG)**, os **organismos públicos de investigación de Galicia**, as **fundacións de investigación sanitaria de Galicia** e os **centros do Consejo Superior de Investigaciones Científicas (CSIC)** e do **Instituto Español de Oceanografía (IEO)** radicados en Galicia.

Os contratos de formación predoutoral terán unha duración de **tres anos** e un salario que oscila entre os 20.500 e os 23.500 euros, prevéndose a posibilidade de realizar **estadías de investigación no estranxeiro de 3 meses de duración**. Unha das principais novidades respecto da edición anterior é que, dentro dos criterios de puntuación, terase en conta que o candidato pertenza a un **grupo con potencial crecemento ou de referencia competitiva do SUG**, a un **equipo de investigación dirixido por un Oportunius** ou ben a **agrupacións estratéxicas ou centros de investigación singulares**.

Esta convocatoria vén sumarse ao **programa de apoio á etapa de formación posdoutoral** que busca favorecer a internacionalización, a especialización e a consolidación no sistema galego de innovación do talento investigador. Entre ambas liñas, suman **16 millóns de euros** e **171 novos contratos ata 2020**.

O borrador das bases xa está dispoñible na **sección Axudas da web de GAIN** e, a partir de mañá, as bases completas da convocatoria.

Agardamos que esta información sexa do teu interese e despedímonos até o vindeiro xoves!



Se non desexa recibir este boletín, pode vostede darse de baixa pinchando aquí .Para calquera dúbida ou consulta, pode escribir un correo a informa.gain@xunta.es.

ESTAMOS EN REDES SOCIAIS
SÉGUENOS NAS TÚAS REDES FAVORITAS!

